



(F\_TPS\_35)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA  
REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	PUBLICACIÓN		
		Boletín	Nº	Fecha
03/11/2009	Pleno Corporación	BOP	293	23/12/2009
04/11/2010	Pleno Corporación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	BOP	297	29/12/2011
18/2/2017	Pleno Corporación	BOP	293	23/12/2017
28/10/2019	Pleno Corporación	BOP	293	23/12/2019

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [soporte@monfortedelemos.es](mailto:soporte@monfortedelemos.es) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA _____	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE _____	3
ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO _____	3
ARTIGO -4- RESPONSABLES _____	3
ARTIGO -5- TARIFAS _____	3
ARTIGO -6- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS _____	4
ARTIGO -7- DEVINDICACIÓN _____	4
ARTIGO -8- LIQUIDACIÓN E INGRESO _____	4
ARTIGO -9- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS _____	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL _____	4
DISPOSICIÓN FINAL _____	5

## ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a TAXA DE ALCANTARILLADO E DEPURACIÓN, que se rexerán pola presente Ordenanza Fiscal, que atende o disposto no artigo 58 da citada Lei 39/1988, en relación co artigo 20.4 do mesmo texto legal na nova redacción dada pola Lei 25/1998 de 13 de xullo.

## ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da taxa:

- A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida e enganche á rede de sumidoiros.
- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2. Non estarán suxeitas a taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

## ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

- Cando se trate de enganches ou acometidas, as persoas que obtiveran as licencias de construción e uso de inmobles para o caso de vivendas, e os titulares da licenza de apertura nos locais comerciais.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do número anterior os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. En todo caso, terán a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte das vivendas ou locais o propietario deses inmobles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

## ARTIGO -4- RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os Artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

## ARTIGO -5- TARIFAS

### TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:

DOMÉSTICOS E COMERCIAL: Consumo Bloque Único	0,1409 €/m <sup>3</sup>
INDUSTRIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único	0,2114 €/m <sup>3</sup>

A efectos da tarifa, consideraranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da Taxa de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

No caso de que a través de un único contador se suministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.

#### TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:

ABONADOS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS	3,06 € / bimestre
ABONADOS INDUSTRIAIS	6,34 € / bimestre

Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento

Ás tarifas reseñadas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.

### ARTIGO -6- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Están exentos os cambios de titularidade a favor do cónxuxe ou parentes ata o terceiro grao, motivados polo falecemento do titular. Así mesmo estarán exentos os cambios de titularidade entre cónxuxes motivados por separación legal

### ARTIGO -7- DEVINDICACIÓN

A taxa devéñase e nace obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose a mesma iniciada conforme as seguintes regras:

- Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a solicitara expresamente.
- Dende que teña lugar a efectiva acometida a rede de sumidoiros municipal. O devindicación da taxa neste caso producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida, e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.
- Entenderase producido o devindicación, en todo caso, dende que se produza a alta no servizo de auga.

### ARTIGO -8- LIQUIDACIÓN E INGRESO

As cotas esixibles por esta taxa terán:

No suposto da tarifa 1ª, con carácter periódico, e liquidaranse por bimestres naturais unha vez incluídos os usuarios nos padróns ou matrículas da mesma.

No suposto da tarifa 2ª, con carácter individual, liquidándose por acto ou servizo prestado mediante ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

### ARTIGO -9- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos Artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, e en cantas outras disposicións sexan de aplicación.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para todo o non establecido nesta Ordenanza Fiscal, terase en conta o estipulado no regulamento do servizo aprobado polo Concello Pleno.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor o día 1 de xullo de 2001, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 3 de novembro de 2009 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 do día 23 de decembro de 2009.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro de 2017, definitivamente polo Pleno de 18 de decembro de 2017 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 do día 23 de decembro de 2017.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 28.10.2019 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 do día 23 de decembro de 2019.

Monforte de Lemos, febreiro de 2020



O Alcalde, José Tomé Roca